

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 5548** *Real decreto 339/2010, do 19 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, para o adecuar á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio traspón a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e modifica os artigos sétimo, oitavo e trece.3.c) da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.

En consecuencia, faise necesaria a modificación do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.

Este real decreto consta dun artigo único, que modifica un número limitado de artigos e dúas disposicións derradeiras do vixente Real decreto 889/2006, do 21 de xullo.

Os números 1 a 6, 8 e 9 do artigo único limítanse a establecer a coherencia das referencias numéricas ou alfabéticas contidas na modificación da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, levadas a cabo pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O número 7 do artigo único dá unha nova redacción ao artigo 15 do real decreto e engade un mandato ás administracións competentes na execución do control metrolóxico do Estado para subministrar aos reparadores de instrumentos, sen limitación nin restrición ningunha incompatible cos principios de libre acceso ao mercado de servizos, os precintos normalizados necesarios para o exercicio da súa actividade. Tamén se establece o contido da declaración responsable e a posibilidade das administracións competentes de regular o seu formato.

Os números 10 a 14 modifican ou dan unha nova redacción respectivamente aos artigos 21, 22, 23, 25 e 27 adecuando o funcionamento do Rexistro de Control Metrolóxico aos principios establecidos na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O número 15, que modifica o artigo 34, adecua o réxime sancionador á nova situación creada tras a modificación da Lei de metroloxía.

O número 16, que modifica o anexo I, establece os principios de identificación dos precintos para a súa correcta intelixibilidade en toda España.

Finalmente, a disposición transitoria única establece o prazo necesario para lles permitir ás administracións competentes regularen e facilitaren a efectiva provisión dos precintos utilizados polos reparadores.

O proxecto deste real decreto recibiu o informe favorable do Consello Superior de Metroloxía.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución e foi sometido ao trámite de audiencia que prescribe a Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.*

Modifícase o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, do seguinte modo:

Un. O parágrafo décimo do preámbulo queda redactado da seguinte maneira:

«As fases do control metrolóxico do Estado a que se refire o artigo sétimo da Lei 3/1985, de metroloxía, desenvólvense neste real decreto e aplícanse á totalidade de instrumentos regulados.»

Dous. A letra q) do artigo 2 pasa a ter a seguinte redacción:

«q) “Organismo autorizado de verificación metrolóxica”, entidade, pública ou privada, designada por unha Administración pública competente española, para a realización e a emisión das oportunas certificacións relativas aos controis metrolóxicos determinados no número 2, parágrafo segundo, do artigo sétimo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.»

Tres. A letra u) do artigo 2 pasa a ter a seguinte redacción:

«u) “Reparador”: toda persoa física ou xurídica responsable da reparación ou modificación dun instrumento de medida, inscrita no Rexistro de Control Metrolóxico por unha Administración pública competente, conforme o establecido no capítulo V.»

Catro. O artigo 3.1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Constitúe o obxecto deste capítulo a regulación da fase de avaliación da conformidade para efectos da comercialización e posta en servizo aplicable aos instrumentos de medida sometidos por regulamentación específica ao control metrolóxico do Estado, de conformidade co determinado no artigo sétimo.2 da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 11, que queda redactado como segue:

«1. Constitúe o obxecto deste capítulo a regulación da fase do control metrolóxico do Estado dos instrumentos de medida en servizo, de conformidade co determinado no artigo sétimo.2 da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.»

Seis. Así mesmo, modifícase o número 3 do artigo 11, cuxo teor pasa a ser o seguinte:

«3. Para os efectos da aplicación do determinado neste capítulo, os instrumentos de medida en servizo, suxeitos ao control metrolóxico do Estado por regulación específica, deberán ser sometidos á verificación despois de reparación ou modificación ou á verificación periódica, segundo proceda, de acordo co determinado no artigo sétimo.2 da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.»

Sete. O artigo 13.3 queda redactado da seguinte maneira:

«3. As administracións públicas competentes poderán designar, no réxime que xulguen conveniente de acordo coas súas competencias, organismos autorizados de verificación metrolóxica que serán os responsables da execución das actividades relacionadas cos procedementos de verificación, en aplicación da regulamentación específica nacional prevista para a fase a que se refire o número 3 do artigo 11 deste real decreto.»

Oito. A redacción do artigo 15 pasa a ser a seguinte:

«Artigo 15. *Reparadores.*

1. A reparación ou modificación dos instrumentos de medida sometidos a control metrolóxico do Estado realizarana as persoas ou entidades que presentasen a declaración responsable prevista no número 2 do artigo oitavo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía. Non será necesaria a presentación da declaración responsable para as entidades reparadoras establecidas noutro Estado membro que presten os seus servizos en réxime de libre prestación en territorio español.

2. As persoas ou entidades que reparasen ou modificasen un instrumento de medida, unha vez comprobado o seu correcto funcionamento axustando a cero o erro do instrumento e comprobando que os resultados das súas medicións se encontran dentro dos erros máximos permitidos regulamentariamente, colocarán novamente os precintos que tivesen que levantar para a súa intervención e formalizarán os documentos que se determinen na regulamentación específica.

3. As administracións públicas competentes regularán o procedemento para a emisión e a subministración aos reparadores dos precintos a que fai referencia o punto anterior. As súas características e codificación, para os efectos da súa normalización, observarán o establecido no anexo I deste real decreto.

4. As administracións públicas competentes regularán e porán á disposición dos prestadores de servizos o formato e contido da declaración responsable a que fai referencia o número 1 anterior. A declaración responsable conterá os datos relacionados no número 3 do artigo 23, a declaración sobre a dispoñibilidade dos medios e coñecementos técnicos regulamentariamente establecidos, o compromiso na utilización dos procedementos técnicos regulamentados e, de ser o caso, das normas técnicas aplicables así como a aceptación expresa do reparador de actuar sobre os instrumentos con probidade e respecto ás normas do control metrolóxico do Estado e ás boas prácticas. Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Porén, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación ante a Administración pública competente cando esta así o requira.

A Administración pública competente deberá posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por vía electrónica.»

Nove. Modifícase o artigo 17.1, que queda redactado do modo seguinte:

«1. A vixilancia e inspección a que se refire o artigo sétimo, número 4, da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, terá por obxecto comprobar que na fabricación, comercialización, posta en servizo e uso dun instrumento de medida se cumpriron os requisitos estipulados neste real decreto e nas regulamentacións específicas aplicables.»

Dez. O artigo 19.2 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As administracións públicas, no seu ámbito competencial, son as responsables da designación dos organismos autorizados de verificación metrolóxica que consideren necesarios para levar a cabo as actuacións sobre os instrumentos de medida en servizo relativas á fase de control metrolóxico a que se refire o número 2 do artigo sétimo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía. Para este efecto, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos estipulados no anexo II, emitirá a correspondente resolución de designación do organismo, establecendo a súa composición, as actividades que se deben realizar no ámbito do control metrolóxico do Estado e os instrumentos en que pode actuar, informando disto ao Organismo de Cooperación Administrativa.»

Once. Modifícase o artigo 21.1.a), que queda redactado como segue:

«a) Datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que actúan no ámbito do control metrolóxico do Estado, segundo o establecido no artigo oitavo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía.»

Doce. O artigo 22.3 queda redactado da seguinte maneira:

«3. As persoas físicas ou xurídicas que reparen instrumentos de medida suxeitos ao control metrolóxico do Estado serán inscritas de oficio no Rexistro de Control Metrolóxico polos servizos competentes da comunidade autónoma en que inicien a súa actividade con base na declaración responsable presentada. Adicionalmente, os servizos competentes da comunidade autónoma poderán incorporar ao Rexistro de Control Metrolóxico datos procedentes doutras fontes.»

Trece. Dáselle ao artigo 23 a seguinte nova redacción:

«Artigo 23. *Datos inscribíbles.*

1. Serán inscritos de oficio no Rexistro de Control Metrolóxico, en relación coas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o número 1 do artigo anterior, polo menos os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos ou razón social se for persoa xurídica.
- b) Nacionalidade e domicilio.
- c) Número do documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou documentos equivalentes.
- d) Domicilio e situación dos seus establecementos.
- e) Tipos dos instrumentos sometidos ao control metrolóxico do Estado que fabrica, importa ou comercializa.

2. Os datos que serán inscritos de oficio no Rexistro de Control Metrolóxico, en relación coas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o número 2 do artigo anterior, serán polo menos os seguintes:

- a) Nome e apelidos ou razón social se for persoa xurídica.
- b) Nacionalidade e domicilio.
- c) Número de identificación asignado para as actuacións.
- d) Número do documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou documentos equivalentes.
- e) Domicilio e situación dos seus establecementos.
- f) Alcance da designación.

3. Serán inscritos de oficio no Rexistro de Control Metrolóxico, en relación coas persoas físicas ou xurídicas a que se refire o número 3 do artigo anterior, polo menos os datos seguintes:

- a) Nome e apelidos ou razón social, se for persoa xurídica.
- b) Nacionalidade e domicilio.
- c) Número do documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou documentos equivalentes.
- d) Domicilio e situación dos seus establecementos.
- e) Tipos dos instrumentos sometidos ao control metrolóxico do Estado que repara.»

Catorce. Os números 3 e 4 do artigo 25 quedan redactados da seguinte maneira:

«3. No caso dos reparadores de instrumentos de medida, a Administración pública competente asignará un número de identificación, co formato establecido no número 3 do anexo XV, que deberá ser utilizado polo reparador en todos os documentos emitidos como consecuencia das súas intervencións. Ata que se lle

asigne ese número, deberá consignar o seu número do documento nacional de identidade ou número de identificación fiscal ou documento equivalente consignado na declaración responsable que presentase.

4. O período de vixencia das inscricións será indefinido. As administracións públicas competentes velarán periodicamente, e como máximo cada dous anos, polo mantemento das condicións que deron lugar á inscrición.»

Quince. O artigo 27 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 27. *Modificación de datos e baixas.*

As modificacións ou cambios nas circunstancias para a inscrición no Rexistro de Control Metrolóxico, así como o cesamento da actividade, deberán ser comunicadas á Administración pública que efectuou a inscrición co fin de que determine a procedencia ou non da súa incorporación a este, comunicándollo ao Centro Español de Metroloxía co obxecto de manter actualizado o Rexistro de Control Metrolóxico.

Para cada acto rexistral posterior emitirase un certificado adicional de inscrición co mesmo número de rexistro asignado, ao que se lle agregará o ordinal que sucesivamente lle corresponda, sempre e cando o operador económico non amplíe a súa actividade a outro sector.»

Dezaseis. O número 2 do artigo 33 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Modificar ou incumprir condicións ou requisitos non esenciais que deron lugar ao outorgamento das autorizacións ou habilitacións administrativas necesarias para apoiar a fabricación, comercialización, reparación, modificación, ou uso dos instrumentos de medida. Modificar ou incumprir condicións ou requisitos non esenciais manifestados na declaración responsable previa á actuación como reparador.»

Dezasete. O artigo 34 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 34. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. A obstrución das actuacións inspectoras de control metrolóxico e a negativa ou resistencia inxustificadas a exhibir ou proporcionar os instrumentos, documentos ou datos que aqueles reclamen no exercicio da súa función inspectora.

2. Comercializar ou empregar instrumentos que, estando sometidos por regulación específica ao control metrolóxico do Estado nas fases determinadas nos capítulos II e III, non superasen tales fases, coa excepción dos recollidos no artigo 8.3.

3. Manter en servizo un instrumento sen os precintos regulamentariamente establecidos.

4. A utilización dun instrumento de medida cando os seus erros superen os límites regulamentarios.

5. Utilizar unidades de medida diferentes ás establecidas no artigo segundo da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e disposicións que a desenvolven.

6. O incumprimento dos requisitos establecidos no anexo II, referente aos organismos notificados, de control metrolóxico e autorizado de verificación metrolóxica e a non información á Administración pública competente que o designou de calquera modificación que os poida afectar.

7. Carecer dos patróns que se establecesen como obrigatorios, ou posuílos sen a rastrexabilidade exigible que garantan a súa fiabilidade, e negarse, sen causa xustificada, a llelos proporcionar a aqueles usuarios que soliciten facer uso regulamentario deles.

8. A falsidade orixinaria ou sobrevida nos datos contidos na comunicación ou declaración responsable así como o incumprimento das obrigas recollidas no artigo 27 deste real decreto.

9. Colocación indebida da marcación CE e a marcación adicional de metroloxía ou unha marcación nacional, así como a utilización de marcacións ou etiquetas con deseños non regulamentarios ou que induzan a confusión.

10. A expedición de certificados ou informes cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

11. As verificacións, comprobacións, ensaios ou probas efectuados polos organismos notificados, de control metrolóxico, e autorizado de verificación metrolóxica, de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas.

12. O incumprimento, por parte dos reparadores de instrumentos de medida, das obrigas relacionadas coa presentación da declaración responsable no Rexistro de Control Metrolóxico, así como de calquera outra que lles veña imposta pola Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, e polas disposicións que a desenvolven.

13. O axuste nesgado dos erros dos instrumentos tras a súa reparación ou modificación aínda que se manteñan dentro dos erros máximos permitidos.

14. A utilización de procedementos técnicos contrarios aos regulamentados e o levantamento de precintos ou de precintaxe en momentos ou con medios que non estean regulamentariamente autorizados.

15. A entrega de precintos por parte de quen ten lexitimidade para os colocar a outras persoas non autorizadas para o seu uso.

16. Considérase infracción grave a reincidencia en falta leve pola cal tivese sido sancionado no prazo de dous anos anteriores á súa comisión.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 35 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Realizar actividades de entre as reguladas por este real decreto sobre instrumentos de medida sometidos ao control metrolóxico do Estado, sen ter obtido as designacións e habilitacións administrativas correspondentes ou sen ter presentado, no caso dos reparadores, a declaración responsable previa á súa actividade.»

Dezanove. Modifícase o título do anexo I, que pasa a ser o seguinte:

**«Identificación de marcas, rexistro de control metrolóxico e precintos»**

Vinte. Baixo o subtítulo «Identificación de precintos» engádese un número 17 ao anexo I. A súa redacción é a seguinte:

«Identificación de precintos:

17. Os precintos que hai que empregar cando así estea previsto na regulamentación que sexa de aplicación para o exercicio do control metrolóxico do Estado deberán incorporar un número de identificación co seguinte formato:

XX-Y-NNNNNNNN

onde:

«XX» representan os dous díxitos que identifican a Administración pública competente, de acordo coa relación de códigos de identificación contida no anexo I.

«Y» é a letra que serve para identificar o sector de actividade, de acordo cos códigos de identificación relacionados no anexo I.

«NNNNNNN» son os díxitos ou letras correspondentes á identificación do precinto. Poderán ter a lonxitude que cada Administración pública competente estableza.

No suposto de que se trate de precintos embutidos, electrónicos ou de calquera outro tipo que tecnicamente impidan a incorporación da identificación precedente, deberán ser identificados por un código compatible co tipo de precinto que se vaia utilizar, que deberá quedar vinculado, no documento que acredite a actuación de reparación ou modificación e precintaxe realizada, coa identificación de precinto establecida con carácter xeral neste anexo.»

**Disposición transitoria única.** *Precintos.*

As administracións públicas competentes disporán dun prazo de tres meses, contados desde a entrada en vigor deste real decreto, para regularen e aseguraren a efectiva provisión dos precintos a que fai referencia o número 3 do artigo 15 do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida. Durante o período transitorio, os precintos que se utilicen deberán ser identificados por un código que deberá quedar vinculado, no documento que acredite a actuación de reparación ou modificación e precintaxe realizada, coa identificación de precinto establecida con carácter xeral no anexo I.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a lexislación sobre pesos e medidas.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN